

O ano de Darwin

O biólogo E naturalista inglés **Charles Darwin**, 1809-1882.



Os eventos xa comezaron en 2008, pero 2009 será sen a menor dúbida o seu ano. Coinciden dous aniversarios: **200 anos desde o nacemento de Charles Darwin, e 150 desde a publicación da primeira edición de *A orixe das especies***. Aínda que en certo sentido poderíase dicir que as conmemoracións empezaron moito antes, coincidindo co propio funeral do naturalista inglés celebrado na abadía de Westminster en 1882, que moito máis que ningunha outra cousa, significou o recoñecemento dunha gran figura nacional e da propia Inglaterra como patria dunha importante revolución científica.

É sorprendente comprobar a vixencia que conserva a recapitulación final de *A orixe das especies*:

“Difícilmente pode admitirse que unha teoría falsa explique dun modo tan satisfactorio, como o fai a teoría da selección natural, as diferentes e extensas clases de feitos antes mencionados. Recentemente fíxose a obxección de que este método de razoar é perigoso; pero é un método utilizado ao xulgar os feitos comúns da vida e foi utilizado moitas veces polos máis grandes filósofos naturalistas. Deste modo chegouse á teoría ondulatoria da luz, e a crenza na rotación da Terra sobre o seu eixe ata hai pouco tempo non se apotaba case en ningunha proba directa. Non é una obxección válida que a ciencia ata o presente non dea luz algunha sobre o problema, moi superior, da esencia ou orixe da vida. ¿Quen pode explicar que é a esencia da atracción da gravidade? Ninguén rexeita actualmente seguir as consecuencias que resultan deste elemento descoñecido de atracción, a pesar de que Leibniz acusou a Newton de introducir "propiedades ocultas e milagres na filosofía".

Non vexo ningunha razón válida para que as opinións expostas neste libro ofendan os sentimentos relixiosos de ninguén. É suficiente, como demostración do pasaxeiras que son estas

impresións, recordar que o maior descubrimento que endexamais fixo o home, é dicir, a lei da atracción da gravidade, foi tamén atacado por Leibniz "como subversiva da relixión natural e, por conseguinte, da revelación".

- Charles Darwin, *El origen de las especies* (15. Recapitulación y conclusión).

AÑO

Dez lecturas recomendadas para o Ano de Darwin:

Dez lecturas recomendadas para o Ano de Darwin:



DARWIN

**BIBLIOTECA, 2009
IES DE VILALONGA**